



**Dirección Xeral de Formación Profesional**  
**Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia**

## Procedemento PR92AUD

# Auditorías internas

| Versión | Descrición  | Data       |
|---------|---|------------|
| 01      | Recodificación  | 01/09/2017 |
| 02      | Modificación na redacción da folla de toma de datos para auditoría (persoal PAS)                        | 01/09/2019 |
| 03      | Incorporación do Servizo de Xestión de Procesos de Calidade coa revisión de misións e responsabilidades | 01/09/2021 |
| 04      | Nova estrutura orgánica da Consellería  | 01/09/2022 |
|         |   |            |
|         |   |            |



## Índice

---

|   |  |   |
|---|--|---|
| 1 | Obxecto.....                           | 3 |
| 2 | Ámbito de aplicación.....              | 3 |
| 3 | Misións e responsabilidades.....       | 3 |
| 4 | Desenvolvemento do proceso.....        | 3 |
|   | 4.1 Observacións.....                  | 5 |
|   | 4.2 Requisitos do persoal auditor..... | 5 |
| 5 | Información documentada.....           | 5 |



## 1 Obxecto

---

Definir o procedemento para a planificación e realización das auditorías do Sistema de xestión da Calidade (SXC).

## 2 Ámbito de aplicación

---

Todo o Sistema de xestión da Calidade.

## 3 Misións e responsabilidades

---

### Servizo responsable da rede

- Elaborar e aprobar o programa de auditorías.
- Aprobar os plans de auditoría.
- Manter o arquivo dos rexistros das auditorías internas.
- Documentar as non conformidades (NC) e accións correctivas (AC) que con carácter global afectan ao SXC .

### Responsable de calidade do CMUS-CDAN (RC)

- Colaborar na elaboración do programa de auditorías e plans de auditoría.
- Asesorar no proceso de auditoría.
- Manter o arquivo dos rexistros das auditorías do seu centro.
- Documentar as non conformidades (NC) e accións correctivas (AC) relativas ao seu centro.

### Equipo Auditor

- Elaborar os plans de auditoría.
- Manter reunións co responsable de calidade, equipo directivo e demais responsables afectados.
- Recoller evidencias.
- Realizar o informe de auditoría.

### Responsables afectados

- Colaborar no proceso de auditoría.
- Documentar e implantar as accións correctivas (AC) especificadas no PR12NCA Xestión de non conformidades e accións correctivas.

## 4 Desenvolvemento do proceso

---

- Todos os requisitos do sistema de xestión da calidade audítanse –como mínimo– unha vez cada ano para comprobar que as actividades relativas ó alcance do sistema e aos resultados correspondentes cumpren as disposicións previstas e para determinar a eficacia do sistema de xestión.



- Ao inicio de cada curso académico, dende o Servizo responsable da Rede, consensado cos responsables de calidade dos conservatorios, elabórase o programa de auditorías para o curso segundo o MD92AUD01 Programa de auditorías.
- As auditorías prográmanse de acordo cos responsables das áreas e centros auditadas en función da natureza e importancia da actividade sometida á auditoría.
- A auditoría interna do sistema de calidade é realizada por persoal independente do responsable directo da actividade auditada.
- A realización das auditorías pode ser contratada a profesionais externos da Dirección Xeral.
- As auditorías realízanse seguindo as pautas xerais que proporciona a norma UNE-EN ISO 19011 *Directrices para auditorías de sistemas de gestión*.
- Para cada auditoría o equipo auditor elabora un MD92AUD02 Plan de auditoría interna, que inclúe:
  - Obxectivo e alcance da auditoría.
  - Identidade das persoas que teñen responsabilidade directa importante relativa ao obxectivo e alcance da auditoría.
  - Identificación dos documentos de referencia.
  - Nomes dos integrantes do equipo auditor.
  - Calendario de realización da auditoría.
  - Identificación das áreas que se van a auditar.
  - Lista de distribución do informe de auditoría.
- Durante a realización da auditoría, documéntanse todas as desviacións para, unha vez auditadas todas as actividades, revisalas e determinar cales deben considerarse como NC e cales como Observacións.
- As NC identifícanse mediante referencia ós requisitos específicos da norma ou outros documentos con referencia aos que se realiza a auditoría.
- Considéranse como Observacións:
  - Os defectos de forma que non afecten ao cumprimento dos requisitos especificados e poden ser reparados na propia auditoría (erratas, fallos de codificación, etc.).
  - As posibles recomendacións para favorecer á mellora do sistema.
- Ao finalizar a auditoría, o equipo auditor poderá manter unha reunión cos responsables das áreas auditadas para presentar o informe de auditoría e asegurar que se entenden os resultados, tanto nas Observacións como nas NC da auditoría.
- O informe de auditoría enviarase ao Servizo responsable da rede de CMUS-CDAN no prazo que se estableza, quen convocará unha reunión con todos os equipos auditores para homoxeneizar criterios na determinación de observacións e non conformidades. Posteriormente cada equipo auditor remitirá o informe definitivo ao conservatorio correspondente e ao Servizo responsable quen o reenviará á Subdirección correspondente.
- O MD92AUD03 Informe de auditoría interna contén os seguintes elementos:
  - Obxectivo e alcance da auditoría.



- Grao de conformidade das actividades auditadas con respecto a norma UNE-EN ISO 9001 e documentación relacionada.
- Valoración da capacidade do sistema para alcanzar os obxectivos da calidade definidos.
- Resumen do número de NC clasificadas segundo os requisitos da norma UNE-EN ISO 9001.
- Detalle das NC.

#### 4.1 Observacións

- No caso de contratación de persoal externo para a realización da auditoría interna, o modelo de Informe pode variar, sempre que cumpra os contidos requiridos pola norma UNE-EN ISO 19011:2011 *Directrices para auditorías de sistemas de gestión*.
- As persoas responsables das áreas de NC, xunto co responsable de calidade do centro, determinan e implantan as AC pertinentes asignando responsables para a súa implantación e comprometendo os prazos de execución e verificación da eficacia das mesmas segundo o procedemento PR12NCA *Xestión de non conformidades e accións correctivas*.
- As Observacións deben analizarse para valorar o seu tratamento e seguimento: accións de mellora do sistema, incorporación ao seguimento de riscos... xa que son potencias non conformidades para a seguinte auditoría.
- Os informes das auditorías e das AC arquivanse seguindo os criterios xerais do procedemento PR75CDC *Control da documentación e dos rexistros*.
- Os informes de auditoría deben ser tratados como elemento de entrada para a revisión de seguimento e revisión pola dirección do sistema de xestión de calidade (PR93REV Revisión do sistema).

#### 4.2 Requisitos do persoal auditor

Para poder participar como auditores internos do Sistema de Xestión da Calidade será necesario cumprir algún dos requisitos seguintes:

- Ter feito un curso de auditoría interna non menor de catorce horas de duración.
- Ter participado máis dunha vez como observador, membro do equipo directivo ou responsable de calidade nunha auditoría.
- Pertencer ao corpo de inspectores de educación.

### 5 Información documentada

---

- PR92AUD *Auditorías internas*.
  - MD92AUD01 *Programa de auditoría interna*.
  - MD92AUD02 *Plan de auditoría interna*.
  - MD92AUD03 *Informe de auditoría interna*.
- PR12NCA *Xestión de non conformidades e accións correctivas*.
- PR75CDC *Control da documentación e dos rexistros*.
- PR93REV *Revisión do sistema*.